

A arte do diálogo

35

SUPLEMENTO
DOMINICAL
28 DE DICIEMBRE DE 2025

Literatura

XULIO VALCÁRCCEL
xulioval@gmail.com



A revista Evohé do Campus-Terra de Lugo recolle unha ampla conversa entre Claudio Rodríguez Fer e Antonio Gamoneda

O diálogo é unha forma de comunicación pero tamén unha das ferramentas máis antigas e fecundas do pensamento humano. Promove a reflexión e procura a verdade a través de distintos puntos de vista. Dialogar implica aceptarmos que o coñecemento non é propiedade exclusiva de ninguén, senón algo que se constrúe no encontro, na escoita e na interacción cos demais.

Na tradición occidental, este método acadou formulación canónica nos famosos 'Diálogos de Platón'. En textos como 'A República' ou 'O Banquete', Platón presenta conversas nas que as ideas se expoñen a través de preguntas, afirmacións, réplicas e contraréplicas. Non se parte de ideas nin de conclusións pechadas, do que se trata é de pensar de xeito dinámico, sen respostas definitivas, o que obriga a cavar, dúbida e revisar as propias certezas. A verdade non se impón, despréndese do contraste entre as diversas voces e posturas.

O método reaparece, como sistema de indagación, no libro de Vicente Aleixandre 'Diálogos del conocimiento', que se inscribe na tradición dos 'Jeux partis' ou 'Partiments' das cortes provenzais e da poesía dialéctica medieval. Aleixandre 'encarga' aos dialogantes a res-

ponsabilidade dos debates verbo do coñecemento. E tendo en conta que para Aleixandre a poesía era "comunicación" compréndese ben a necesidade de emisores e receptores. Máis que personaxes reais ou teatrais, son "figuras-tipo": o soldado, a bruxa, o mendigo, o inquisidor...; un mostrario humano e social que se interroga sobre os límites da capacidade cognoscitiva o sobre o sentido último da existencia. O diálogo convértese aquí nunha pescuda que non busca convencer, senón comprender.

Algo semellante ocorre na conversa pública, celebrada o 8 de xuño do 2018 na Praza da Quintana de Santiago, entre Antonio Gamoneda e Claudio Rodríguez Fer, na que o diálogo funciona como memoria compartida, exercicio de escoita e recoñecemento mutuo. "La poesía no está para explicar cosas, sinó para que se descubran en ella" (...) "Yo tengo bastante seguridad sobre la existencia y el funcionamiento de la mentira y, ciertamente, el fascismo es una mentira histórica", comenta Gamoneda. E cando Claudio lle pregunta "en que medida hai poesía tanto na literatura como nas outras artes?", responde: "Si pensamos en una especie de cosmos estético (poesía, pintura, escultura...) creo que encontraríamos grandes analogías o, más bien, casi igualdades de conducta estética".

Incomunicación

Fronte a estes exemplos, a realidade actual revela unha preocupante falta de diálogo. A conver-

sa é substituída polo monólogo nas relacións persoais e sociais. Na confrontación política abundan as descualificacións inmediatas e sen matices. Non se escoita para comprender, senón para responder, empobrecendo o debate e xerando incomunicación, resentimento e violencia.

Recuperar o diálogo como método -intelectual e vital- implica asumir ideas e argumentos alleos en detrimento dos propios. Mudar de opinión e un acto de coherencia e humildade. Nun mundo saturado de ruído, o diálogo é unha fonte de tolerancia e de respecto, condicións esenciais para a convivencia.




Ilustración de Gosia Trebacz | Cedida

libros Recomendados



ÁNIMA COS ALBUM VERSÁLIA NÚM. 2

SABADELL. BARCELONA, 2022. 390 PÁXINAS.

Recomendable por todos os conceptos esta magnífica revista-libro, con achegas de primeira orde, como o fermoso texto de Ana Blandiana, que abre o volume, ou o non menos fermoso poema de Víctor Mañosa.



INTERACCIONES MISAEEL RUIZ

ERAGIN EDICIONES. 2025. 75 PÁXINAS.

Poeta e fotógrafo, Misael ofrece unha orixinal achega na que se combinan textos, moi breves, con fotografías nas que personaxes históricos, literarios ou pictóricos "conviven" coa cotidianidade de rúas, espazos e paseos.



O MAR GOBERNA DO OESTE XOSÉ ANTONIO VENTOSO MARIÑO

IR INDO. NARRATIVA. VIGO, 2025. 298 PÁXINAS.

A bordo da súa dorna, un día de inverno do ano 2005, un vello mariñeiro lembra e valora os acontecementos da súa vida, coa guerra mundial, o estraperlo, e o narcotráfico como panos de fondo.



LOS SIETE MARIDOS DE EVELYN HUGO TAYLOR JENKINS REID

UMBRIEL. ESPAÑA, 2020. 384 PÁXINAS.

Evelyn Hugo, icona de Hollywood, decide contar a verdade sobre a súa vida chea de escándalos. Pero cando elixe a Monique Grant, unha xornalista descoñecida, ninguén se sorprende máis que a ela. Por que ela? Por que agora?